

Carlos Labraña, dramaturgo de Cedeira: «É importante saber aproveitar o tempo que temos, é limitado, vivimos contra o reloxo»

A. Cuba Cedeira / La Voz

2 de maio de 2021

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/cedeira/2021/05/02/span-langgle-importante-saber-aproveitar-tempo-temos-e-limitado-vivimos-contra-reloxospan/0003_202105F2C9992.htm

«Vivimos contra o reloxo. É importante saber aproveitar o tempo que temos as persoas, porque é limitado», reflexiona Carlos Labraña ([Cedeira](#), 1969), un dos dramaturgos máis recoñecidos da [literatura infantil](#) e xuvenil galega. «*Contra o reloxo*» é o título da súa última obra, unha peza «de [teatro](#) familiar, que pode interesar aos adultos», escrita en plena pandemia, en Santiago, onde vive e traballa. O 6 de maio preséntase a obra, editada por Galaxia, na librería Pedreira, en Compostela.

-Que nos pode contar do misterio que agocha a vella reloxaía?

-O vello reloxeiro que se ve na portada do libro xa chegou a unha idade e ve o fin máis próximo, enviuvou e quedou só, e é o seu aniversario. E ese día empezan a pasar cousas na reloxaía. Cando case decide pechala chegan envíos non se sabe de onde, chega xente rara a comprar e comezan a sucederse os problemas cos veciños, un que leva toda a vida queixándose dos ruidos dos reloxos... E así vai o primeiro acto. Empeza lento, e logo colle velocidade, directo ata o final.

-Influíulle a pandemia?

-Xa o estaba escribindo antes, no confinamento non fixen nada, ata que puidemos volver pasear e comencei a liberarme. Foi tan forte que supuxo unha parálise creativa, pero despois saíu.

-Hai algo de Cedeira nesta peza?

-Pois a idea inicial, de hai moitos anos, é dun amigo que teño de Cedeira, da reloxaía Dopazo, que fai teatro comigo.

-Leva magníficas ilustracións...

-Son de Alfonso Barreiro, Fon, que vén do cómic. Tiven moi boa conexión con el, quedei encantado desta colaboración.

-Representarase a obra?

-Non me podo queixar de que non se representen as miñas obras. Cando as escribo penso que se van ler e traballo moito co texto, pero é certo que levan unha estrutura teatral interna moi forte, para que se poidan representar directamente, sen necesidade de ningunha adaptación. As pezas de teatro dirixidas á infancia sempre son comedias, moi divertidas. Neste caso tamén, con personaxes entrañables.